



Resolución do 1 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, pola que se fixa a contía das subvencións non condicionadas para gastos de funcionamento das formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia

I. En virtude do establecido na Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, a Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos seus orzamentos xerais do exercicio correspondente, outorgará ás formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia e que en cada exercicio presenten declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiarias, subvencións anuais non condicionadas para gastos de funcionamento nos que as ditas formacións incorran no territorio da Comunidade Autónoma.

En cumprimento do artigo 35.1 da Lei 9/2015, e de acordo co artigo 14.2.a) da Ley 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as declaracións responsables referidas no parágrafo anterior deberán formalizarse e asinarse electronicamente no modelo establecido no procedemento PR004A, regulado na Orde de 4 de maio de 2017, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.

Nos anos nos que se celebren eleccións ao Parlamento de Galicia, as formacións políticas que obtivesen representación parlamentaria deberán presentar a declaración responsable na Sede electrónica da Xunta de Galicia no prazo dos 10 días seguintes ao acto de proclamación de persoas electas, de acordo co previsto no artigo 35.5.c) da Lei 9/2015, na seguinte ligazón:

<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/relacions-institucionais-e-parlamentarias/financiamento-formacions-politicas>

No devandito enlace ten así mesmo o Anexo (en galego e castelá) de autorización de consulta de datos de estar ao corrente nas obrigas tributarias. De non presentar este anexo cada solicitude de pago debe acompañar de maneira trimestral, como esixe a lei, certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias perante as distintas administracións públicas.

De acordo coa Lei 9/2015, estas subvencións contémpanse expresamente no artigo 2 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, dentro da relación de recursos económicos das formacións políticas, estando expresamente excluídas da normativa xeral en materia de subvencións con arranxo ao previsto no art. 4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no art. 4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

II. Na Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, consígnase un crédito de 2.000.000 € na aplicación orzamentaria 05.05.161A.481.0. para todo o ano 2024.





Celebradas as eleccións ao Parlamento o día 18 de febreiro de 2024, e de acordo co artigo 35.8. da Lei 9/2015, a cantidade global a repartir entre as formacións políticas que obtivesen representación parlamentaria será a resultante de descontar ao importe da partida consignada na lei de orzamentos xerais da C.A. de Galicia o total aboado en concepto de subvencións para gastos de funcionamento ata a data das eleccións ás formacións políticas presentes no Parlamento de Galicia na súa anterior composición.

Unha vez realizados todos os libramentos ata o día das eleccións, e restado o seu importe ao crédito anual de 2.000.000 €, figura un remanente de 1.729.885,06 € con destino aos partidos resultantes das novas eleccións

III. A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias é o órgano ao que se atopa adscrito o crédito orzamentario indicado, de acordo coa clasificación orgánica que se deriva da Lei de Orzamentos, polo que resulta competente para ditar a resolución na que se fixe a contía da subvención correspondente a cada formación política de conformidade co disposto no artigo 35.2 da Lei 9/2015.

IV. Os criterios obxectivos a ter en conta para a fixación da contía da subvención correspondente a cada formación política son aplicación das regras de reparto establecidas no artigo 33.2. da Lei 9/2015.

V. Á vista do Acordo do 4 de marzo de 2024 polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o día 18 de febreiro de 2024, procede realizar o reparto da cantidade a aboar ás formacións políticas que obtiveron representación parlamentaria, correspondente ao período comprendido entre o día 18 de febreiro e o 31 de decembro de 2024.

De conformidade cos criterios establecidos no artigo 33.2. da Lei 9/2015, da cantidade pendente de aboar (1.729.885,06 €), un 40% (691.954,02€) deberá repartirse entre os 75 escanos totais do Parlamento e o 60% restante (1.037.931,04€) en atención ao número total de votos obtidos polas candidaturas que obtiveron representación

O coeficiente de reparto correspondente aos votos obtidos polas formacións políticas que obtiveron representación no Parlamento (1.409,208 votos), calculado sobre o 60% do crédito orzamentario previsto (1.037.931,04 €), é de 0,736535015 € por voto.

O coeficiente de reparto en atención aos 75 escanos existentes no Parlamento de Galicia, calculado sobre o 40% do crédito orzamentario previsto (691.954,02 €) é de 9226,053653 € por escano.

VI. Vistas as declaracións responsables presentadas polas formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia, de acordo con todo o exposto anteriormente,

RESOLVO

Fixar a contía das subvencións para gastos de funcionamento nos que incorran as formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia, no territorio da Comunidade Autónoma



durante o período comprendido entre o 19 de febreiro e o 31 de decembro no exercicio 2024, que, de acordo coa aplicación dos anteriores coeficientes, queda establecida do seguinte xeito:

ASIGNACIÓN DE CONTÍAS EN CÓMPUTO ANUAL							
FORMACIÓNS POLÍTICAS	VOTOS OBTIDOS	COEFICIENTE MULTIPLICADOR	CONTÍA POR NÚMERO DE VOTOS (€)	ESCANOS OBTIDOS	COEFICIENTE MULTIPLICADOR	CONTÍA POR NÚMERO DE ESCANOS (€)	IMPORTE TOTAL ANUAL (€)
PP	711.713	0,736535015	524.201,55	40	9226,053653	369.042,15€	893.243,70€
PSdeG-PSOE	211.361		155.674,78	9		83.034,48 €	238.709,26€
BNG	470.692		346.681,14	25		230.651,34€	577.332,48 €
DO	15.442		11.373,57	1		9.226,05 €	20.599,62€

FORMACIÓNS POLÍTICAS	IMPORTE <u>ASIGNADO</u> FEBREIRO correspondente á suma dos 11 días do mes de febreiro dende as eleccións (dende o día 19 ao día <u>29</u> inclusive)	IMPORTE MENSUAL ASIGNADO correspondente a cada un dos 10 meses restantes do ano 2024 (de marzo a decembro inclusive)
PP	30.995,80 €	86.224,79 €
PSdeG-PSOE	8.283,33 €	23.042,59 €
BNG	20.033,64 €	55.729,88 €
DO	714,78 €	1.988,48 €

O aboamento se efectuará por meses naturais, na conta bancaria indicada polas formacións políticas na declaración responsable presentada, prorrateado por días os períodos inferiores a un mes, salvo o primeiro pago, que poderá comprender máis dunha mensualidade.

De conformidade co previsto no artigo 3.4 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, e co artigo 34 da Lei 9/2015, as subvencións previstas nesta resolución serán incompatibles con calquera outra axuda económica ou financeira incluída nos orzamentos xerais do Estado ou nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia destinada ao funcionamento das formacións políticas, agás as sinaladas no artigo 2.un da dita lei orgánica.

Procederá a suspensión do pagamento das subvencións nos supostos previstos nos puntos cinco, sete e oito do artigo 3 da Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, e no artigo 36.2 da Lei 9/2015.



Para a fiscalización das subvencións para gastos de funcionamento, de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 9/2015, haberá que averse ao disposto na Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, sen prexuízo das normas concretas sobre gastos subvencionables e procedemento de xustificación que a Xunta de Galicia poida ditar en desenvolvemento da Lei 9/2015.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

(Asinado dixitalmente)

